

IDEAS CLAVE

DOC. 1

Se o que nos propoñemos é que, polo menos durante unha xeración, Alemaña non poida adquirir nin sequera unha mediana prosperidade; se cremos que todos os nosos recentes aliados son anxos puros e todos os nosos recentes inimigos, alemáns, austríacos, húngaros e os demais son fillos do demo; se desexamos que, ano tras ano, Alemaña sexa empobrecida e os seus fillos morran de fame e enfermen, e estea rodeada de inimigos, entón rexeitemos todas as proposicións xenerosas, e particularmente as que poidan axudar a Alemaña a recuperar unha parte da súa antiga prosperidade material. (...)

Se ese xeito de estimar as nacións e as relacións dunhas con outras fose adoptado polas democracias da Europa occidental, entón, ¡que o Ceo nos salve a todos! Se nós aspiramos deliberadamente ao empobrecemento da Europa central, a vinganza, non dubido en predecilo, non tardará.

J.M. KEYNES: *As consecuencias económicas da paz* (1919)

DOC. 2

Axiña un negocio moito máis atractivo có teatral atraeu a miña atención e a do país. Era un asunto chamado “mercado de valores”. (...) Constituía unha sorpresa moi agradable descubrir que era un negociante moi astuto. (...) Todo o que compraba aumentaba de valor. (...) Podías pechar os ollos, apoiar o dedo en calquera punto do enorme taboleiro mural e a acción que acababas de mercar comezaba inmediatamente a subir. Nunca conseguín beneficios. Parecía absurdo vender unha acción a trinta cando se sabía que dentro do ano duplicaría ou triplicaría o seu valor. Semellaba que case todos os meus coñecidos se interesaban polo mercado de valores. (...) O fontaneiro, o carnicero, o panadeiro, o home do xeo, todos ansiosos por se facer ricos, guindaban os seus miserables salarios —e en moitos casos os seus aforros de toda a vida— en Wall Street. (...)

De cando en vez, algún profeta financeiro publicaba un artigo sombrío advertindo ao público que os prezos non gardaban ningunha proporción cos verdadeiros valores e recordando que todo o que sobe debe baixar. Pero case ninguén prestaba atención a eses conservadores parvos e ás súas idiotas palabras de cautela. (...)

Un día concreto, o mercado comezou a vacilar. Uns cantos clientes dos máis nerviosos foron presa do pánico. (...) Todo o mundo quixo vender. (...). Despois, (...) Wall Street lanzou a toalla e veuse abaixo. Iso da toalla é unha frase axeitada, porque para entón todo o país estaba a chorar.

GROUCHO MARX: *Groucho and me* (1959)

DOC 4

O ensanche das funcións do Estado, necesario para a adaptación recíproca da propensión a consumir e da incitación a investir, parecería (a algúns) unha horrible infracción dos principios individualistas. Este ensanche parécenos o contrario e o único medio para evitar a destrución completa das institucións económicas actuais, e a condición para un feliz exercicio da iniciativa individual.

J.M. KEYNES: *Teoría xeral do emprego, o xuro e o diñeiro* (1936)

DOC 5

Vinte millóns de alemáns teñen fame coma ti (...). Mañá volverás á oficina de colocación e anotaraste. Aparte disto, non terás nada máis que facer mañá (...). O número de parados aumentou en catro millóns. Cres ti que ese número baixará se non cambian os métodos? (...) Temos todo o necesario: a terra que produce o pan, as mans que traballan, as máquinas que poderían fabricar en abundancia todo o que precisamos. Por que, entón, estar fementos? (...) Paréceche normal todo isto? Entón vai e vota por quen fixo unha política que non cambiou en nada a nosa miseria, senón que, pola contra, a aumenta cada ano. Pero se che queda tan só un raio de esperanza, entón vota aos nacionalsocialistas, que pensan que todo isto se pode cambiar! Que di Hitler desta situación? Non di nada! Adolf Hitler faría algo! Non quedaría quieto agardando ao estranxeiro que teña gañas de chuparnos aínda máis diñeiro. O que faría Adolf Hitler está todo preparado e a punto. Hitler só agarda o día en que ti decidas por el, para poder axudarche.

Propaganda electoral nazi (1932)

DOC 6

En efecto, se non se producira a crise económica, non existiría Hitler e, case con seguridade, tampouco Roosevelt. Ademais, dificilmente o sistema soviético sería considerado como un antagonista económico do capitalismo mundial e unha alternativa ao mesmo. (...) Por dicilo en poucas palabras, o mundo da segunda metade do século XX é incomprensible sen entender o impacto desta catástrofe económica.

E. HOBSBAWN: *Historia do século XX* (1994)

❖ TRABALLAMOS COS DOCUMENTOS

- 1.- Le os textos e subliña os aspectos máis relevantes.
- 2.- Usa a columna da esquerda para anotar as ideas clave: IDEA PRINCIPAL e IDEAS SECUNDARIAS.
- 3.- Con que elementos traballados na aula se relaciona cada un dos documentos?
- 4.- Anota o contexto histórico no que se encadra cada documento.